

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 31 de outubro de 2014

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Angel Rivas González

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día trinta e un de outubro de dous mil catorce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1235).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1236).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMENTO ABERTO, DA EXECUCIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO “REFORMA DA CUBERTA NO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE TEIS”. EXPTE. 13429/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 29.10.14, o informe de fiscalización do 28.10.14, dáse conta do informe-proposta do director deportivo e xefe da Unidade técnica de Deportes, do 29.10.14, conformado polo concelleiro delegado de Deportes e pola concelleira delegada de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

En base ás observacións do informe de fiscalización da Intervención Xeral, de data 28/10/2014, procédese por parte do servizo de Contratación á redacción dun novo Prego de Prescricións Administrativas Particulares, para a contratación da execución das obras de reforma da cuberta no pavillón polideportivo de Teis.

Con data 29/10/14, a Asesoría Xurídica Municipal, emite informe no que se indica que as modificacións realizadas no PCAP polo servizo de Contratación axústanse a dereito.

Así, inclúense no expediente a seguinte documentación:

- Informe de fiscalización da Intervención Xeral de data 28/10/14, asinado pola técnica D^a Catalina Alfayate e o Interventor Xeral D. Luis García.
- Documento económico RC nº 201400074196 de data 28/10/14, por importe de 158.359 €.
- Novo PCAP redactado pola xefa do servizo de Contratación D^a Beatriz Barbará, con data 29/10/14.
- Informe xurídico, asinado pola letrada D^a Ángela Fernández e conformado pola letrada titular da Asesoría Xurídica Municipal D^a Margarita Parajó.

Tendo en conta o anteriormente indicado e a documentación unida ao expediente, procédese a redactar un novo informe proposta que sigue:

1.- Antecedentes:

Con data 26/09/2014, a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto básico e de execución das obras de "OBRAS DE REFORMA DA CUBERTA NO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE TEIS", redactado polo estudio de arquitectura Zaballa y Carballas, SLP, cun orzamento base de licitación máis IVE de 158.359 € (cento cincuenta e oito mil trescentos cincuenta e nove euros", e que se contén no expediente 13377/333, no cal dito proxecto consta anexado e asinado polo Director Deportivo do IMD-xefe da Unidade Técnica en data 5 de agosto.

Para a execución destas obras, procede de acordo coa orden de inicio do Concelleiro delegado de Deportes de data 1 de outubro de 2014, dar inicio do correspondente expediente de contratación, polo cal a xuízo do técnico que subscribe o presente informe, considerase adecuado proceder a desenvolver os seguintes apartados para a definición de dito expediente:

No expediente inclúese a seguinte documentación:

- a) O proxecto obxecto do expediente consta anexado no expediente 13429/333. No expediente 13377/333 atópase incluído informe da Oficina de Supervisión de Proxectos que recolle a indicación expresa da adecuación do proxecto á normativa xeral e sectorial, así como á adecuación á normativa técnica de aplicación.
- b) Acta de replanteo asinada polos arquitectos redactores do proxecto de data 17/10/2014.
- c) Prego de prescricións técnicas particulares redactado polo estudio de arquitectura Zaballa y Carballas, SLP, e incluído no proxecto recollido no expediente 13377/333, aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 26 de setembro de 2014.
- d) Prego de Prescricións Administrativas Particulares, redactado pola xefa do servizo de contratación, de data 29 de outubro de 2014.
- e) Informe de fiscalización da Intervención Xeral de data 28/10/14.
- f) Informe favorable da Asesoría Xurídica de data 29/10/2014.
- g) Documento contable referido á existencia de crédito para financiación das obras.

2.- Condicións definitorias do contrato:

Destacan as seguintes:

a) Obxecto e cualificación xurídica do contrato:

O obxecto consiste na execución das obras previstas no proxecto "OBRAS DE REFORMA DA CUBERTA NO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE TEIS". Estas obras supoñen, sen ningunha dubida, un incremento da capacidade, rendemento, eficiencia da funcionalidade inherente as necesidades básicas dos servizos públicos que prestan ditas infraestruturas, e con elas se conseguirá unha ampliación da súa vida útil, polo cal contan ca natureza de "investimentos reais".

O contrato, polo seu obxecto, é de obra, previsto no artigo 6 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, que aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (no sucesivo, T.R.L.C.S.P.).

En cumprimento do art. 22 do RDL 3/2011 polo que se aproba o TRLCSP, os aspectos relacionados coa "natureza, e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do obxecto e contido", son os definidos na memoria descritiva que contén o expediente 13377/333 do proxecto da obra aprobado pola Xunta de Goberno Local con data 26 de setembro de 2014 que se incorpora a este expediente como documentos asinados polo Director Técnico en data 01/10/2014, pasando a formar parte do mesmo.

O contrato atópase vinculado ao exercicio das competencias municipais previstas no art. 25.2 L) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime Local, "Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre".

b.- Procedemento de adxudicación e forma de tramitación:

A tramitación do presente expediente farase a través de procedemento aberto, e en forma urxente.

De acordo co artigo 112 do TRLCSP, a tramitación de urxencia deste expediente, derivase da necesidade de execución da obra no menor tempos posible xa que a mesma ten por obxecto reformar a cuberta do Pavillón de Teis que con carácter xeral, atópase deteriorada de forma moi importante. O dito deterioro ten nos últimos meses un avance moi importante e na actualidade e mesmo pode experimentar unha progresión que leve implícita riscos importantes, que poderían ocasionar un deterioro de outras partes da instalación o que ocasionaría un maior gasto para a esta Administración. Por outro banda, debemos ter en conta que calquera posible desprendemento de pezas da cuberta pode afectar a outras instalacións, polo cal a xuízo do técnico que subscribe o presente informe, considérase xustificada a necesidade de tramitación por urxencia do presente expediente.

c.- Orzamento base de licitación:

En cumprimento do artigo 87 do TRLCSP, o prezo que servirá como base para a execución deste contrato, están determinados en base o proxecto, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 26/09/14, redactado polo estudio de arquitectura Zaballa y Carballas, SLP, no cal se determina que o orzamento base de licitación, que resulta adecuado para o efectivo

cumprimento do obxecto do contrato e de acordo cos prezos xerais do mercado, os cales atópanse descompostos nas unidades vinculadas ao proxecto, ten un importe máximo cun orzamento base de licitación máis IVE de 158.359 € (cento cincuenta e oito mil trescentos cincuenta e nove euros”, sendo o importe correspondente ao IVE o de 27.483,79 €.

O valor estimado do contrato estipulase en CENTO CINCUENTA E SETE MIL CINCUENTA EUROS CON VINTECINCO CÉNTIMOS (157.050,25 €)

3.1.- Financiamento do contrato e xustificación do cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012 de 7 de abril.

O importe do contrato establécese nun importe total de 158.359 €, sendo o importe correspondente o IVE o de 27.483,79 Euros.. Dito importe deberá ser de aplicación aos créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na partida 3410.632.00.14 “INVESTIMENTOS MELLORA EN C. DE FUTBOL E INSTALACIÓNS DEPORTIVAS” a cal cumpre a condición de crédito suficiente e adecuado.

O gasto proposto, establécese tamén de acordo co principio de sustentabilidade financeira, consonte co cumprimento da exigencia do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, por entender que o prezo de licitación proposto atópase dentro dos créditos vixentes no actual orzamento; polo cal esta proposta de gasto non suporá ningún desequilibrio orzamentario por atoparse contemplada no orzamento vixente e o gasto proposto non contempla ningunha outra obriga que se derive do mesmo, xa que a mesma ten a consideración da execución dunha obra de carácter finalista para o Concello.

d.- Revisión de prezos:

Tendo en conta que as obras a executar teñen unha duración inferior a unha anualidade, non procede a revisión de prezos.

e.- Prazo de execución e prórroga:

De acordo co proxecto básico e de execución das obras, o prazo máximo de execución establécese en 3 meses.

Dito prazo poderá ser prorrogado polo órgano de contratación en resolución motivada cando concorra algunha das seguintes causas:

- * A modificación do contrato. Neste caso o prazo da prórroga será o que resulte do proxecto modificado non podendo exceder éste da metade do prazo inicial.*
- * O incumprimento parcial do prazo de execución por causas non imputables ao contratista, debidas a acontecementos alleos a súa vontade e imprevisibles, sempre e cando se comprometa a executar as obras nun prazo igual ao do tempo perdido e solicite a prórroga conforme ó disposto no artigo 100 RXLCAP.*
- * Cando o órgano de contratación e o contratista acorden de mutuo acordo suspensións temporais da execución do contrato por circunstancias sobrevenidas que o aconsellen. Neste caso, o contrato prorrogarase por un prazo igual ao do tempo que tiña permanecido suspendido.*

f.- Prazo de garantía:

Establécese como prazo de garantía mínimo o de 12 meses dende que se asine a acta de recepción das obras. Poderá ser ampliado polos licitadores nas súas ofertas.

g.- Esixencia de Clasificación ou no seu caso solvencia:

De acordo co artigo 65.1 do TRLCSP, non se esixe clasificación para este contrato. Non se fixan outros medios para acreditar a solvencia económica, financeira e técnica que os que figuran no prego.

A referida solvencia poderá acreditarse presentando a documentación xustificativa de contar coa seguinte clasificación:

Grupo C, Subgrupo: TODOS, Categoría C.

h.- Modificación do contrato:

A contía máxima da modificación non poderá superar o 20% sobre o prezo do contrato. Tendo en conta as peculiaridades do proxecto de obra, debe considerarse a opción de modificación do contrato en relación o ámbito das estruturas, cubertas, así como os revestimentos metálicos e falsos teitos.

i.-Subcontratación:

Autorízase co límite máximo do 50 %.

j.- Responsable do Contrato:

O responsable do Contrato será o director deportivo-xefe da Unidade Técnica. Así mesmo o órgano de contratación nomeará unha dirección facultativa municipal para o seguimento da obra.

k.- Criterios de valoración e xustificación dos mesmos:

En relación aos criterios de valoración das ofertas, todos eles vinculados ao obxecto do contrato, dáse máis preponderancia a aqueles criterios que tendo unha referencia directa co obxecto do contrato se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas concretas (80%), deixando o 20 % restante para criterios avaliábeis mediante xuízo de valor.

k.1.- CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUIZO DE VALOR:

k.1.1.- Memoria construtiva dos criterios de execución técnica da obra

Valoración do criterio: doce (12) puntos.

A valoración da memoria construtiva dos criterios de execución técnica da obra será realizada tendo en conta os seguintes apartados:

1.- Descrición analítica e detallada do proxecto: valorarásese con ata 2 puntos.

2.- A análise do ámbito de actuación da obra e os procesos de implantación de medios para a obra, e a súa explicación gráfica: valorarásese con ata 5 puntos.

3.- A análise e descrición da planificación da obra en relación aos equipos materiais e humanos adscritos a mesma, xustificando a coherencia da proposta realizada en relación aos prazos de execución propostos: valorarásese con ata 5 puntos.

k.1.2.- Plan de control de calidade:

Valoración do criterio: Para a calificación deste apartado, procederase a valoración ata un máximo de cinco (5) puntos.

A valoración da Memoria sobre o plan de calidade será realizada tendo en conta os seguintes apartados:

1.- A descrición analítica e detallada do plan de controis de calidade a executar a maiores do contemplado no proxecto: valorarase con ata 2,5 puntos.

2.- A descrición do plan de auto control interno da empresa: valorarase con ata 2,5 puntos.

k.1.3.- Plan de aforro enerxético e programa de actuacións medioambientais:

Valoración do criterio: Se valorará ate un máximo de tres (3) puntos .

k.2.- CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FORMULA:

k.2.1.- Prezo ofertado: O prezo ofertado polos licitadores valorarase ata un máximo de SESENTA E CINCO (65) puntos.

k.2.2.-Prazo de garantía: Valorarase ata un máximo de QUINCE (15) puntos.

Previamente a efectuar a proposta ao órgano de contratación, debe emitir informe favorable de fiscalización a Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 109.3 do TRLCSP.

3.- Proposta:

Por todo o exposto propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación competente de acordo co previsto na disposición adicional 2ª do TRLCSP, que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación de urxencia das obras do proxecto "REFORMA DA CUBERTA NO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE TEIS".

Segundo: Aprobar o prego de prescricións administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola xefa do Servizo de Contratación e asinado con data 29 de outubro de 2014.

Terceiro: Autorizar o gasto por un importe máximo de 158.359 € (cento cincuenta e oito mil trescentos cincuenta e nove euros), sendo o importe correspondente ao IVE o de 27.483,79 €, con cargo a partida na partida 3410.632.00.14 "INVESTIMENTOS MELLORA EN C. DE FUTBOL E INSTALACIÓNS DEPORTIVAS.

Cuarto: Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(1237).- PROXECTO DE "MELLORA E RENOVACIÓN DE EQUIPAMENTOS EN PISTAS DEPORTIVAS EN PARQUES PÚBLICOS". EXPTE. 7637/446.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 28.10.14, dáse conta do informe-proposta do xefe de Servizo de Parques e Xardíns do 22.10.14, conformada

ANTECEDENTES:

Con data 28 de abril de 2014, o Pleno Municipal aprobou a corrección de erros materiais e aritmeticos, na modificación de créditos orzamentarios, número 01/2014, que se financia con cargo ao superávit orzamentario obtido da liquidación dos estados consolidados

correspondentes ao exercicio do 2.012 expediente nº: 2288/440, e entre outros aspectos as inversións previstas no ámbito da citada modificación de créditos, atópanse suxeitas a rigorosidade do principio de que tales investimentos deben cumprir co principio de "investimentos que sexan financieramente sustentables ao longo da súa vida útil.

Dacordo co estipulado na Orde EHA/3565/2008, as actuacións contempladas neste proxecto responden os criterios definidos para "inversións reais", xa que as mesmas correspóndense con gastos destinados maioritariamente a actuacións de creación e mellora das condicións de uso de Pistas Deportivas na cidade.

O Concello de Vigo ven desenrolando unha serie de iniciativas para a rehabilitación e mellora das condicións de uso das infraestruturas en espazos públicos da cidade. As actuacións de inversións previstas no proxecto abarcan os arranxos de pavimento, limpeza e acondicionamento dos mesmos, incorporación e substitución de peches protectores con tela de nylon sustentados con fustes de chapa de aceiro galvanizado, peches en pistas de petanca, pintado de liñas nas pistas deportivas, pintado de gradas, colocación de carteis, arranxos diversos mediante traballos de xardinería. rehabilitación e mellora nas pistas deportivas de titularidade municipal.

O presente proxecto prevé desenrolar actuacións en 11 zonas deportivas xa existentes a fin de favorecer, mellorar e fomentar o desenrolo de actividades deportivas para o que foron concibidas pero que a causa do uso, o paso do tempo e o deterioro en xeral das instalacións fan que actualmente se atopen infrautilizadas.

Estas obras supoñen sen ningunha dubida un incremento da capacidade, rendemento, eficiencia da funcionalidade inherente as necesidades básicas das infraestruturas, o tempo que se conseguira unha ampliación da súa vida útil, polo cal teñen unha clara identificación con actuación de "investimentos reais".

En relación a obriga que se establece no apartado 2º da D.A. 16ª do TRLRFL de que a obra proxectada, debe ter unha vida util non inferior a cinco anos, esta condición cúmprese en relación as actuacións previstas no presente proxecto, xa que as mesmas son actuacións realizadas a través da utilización de elementos construtivos con unha vida útil en todos os casos maior do limite establecido, entendendo por vida útil a previsión do tempo durante o cal é susceptible de ser utilizada a zona sobre a que se actuará, nas condicións de calidade requiridas.

En relación a obriga que se establece no apartado 6º da D.A. 16ª do TRLRFL de que a obra proxectada, cumpra cos obxectivos de que a mesma non sexa xeradora de gastos futuros no horizonte da súa vida útil, esta condición cúmprese en relación as actuacións previstas no presente proxecto, xa que as mesmas son actuacións que xustificarán un impacto favorable sobre os orzamentos futuros, xa que neste caso, son investimentos de

reposición que van a deferir no tempo, a necesidade de recursos para o seu funcionamento operativo ou de mantemento ordinario, por supor este investimento unha posta ao día do ámbito de actuación, en consecuencia, a actuación definida neste expediente está conformada como un instrumento xerador de aforro, e, en ningún caso, xerará gastos por enriba dos actuais, xa que durante a vida útil dos mesmos (maior de cinco anos) se producirá un equilibrio e redución real dos gastos de mantemento, xa que as actuacións que actualmente se realizan sobre os mesmos, se verán diferidas no tempo.

PROXECTO:

En relación os antecedentes mencionados, o expediente de modificación de créditos orzamentarios, número 01/2014, que se financia con cargo ao superávit orzamentario obtido da liquidación dos estados consolidados correspondentes ao exercicio do 2012. expediente nº: 2288/440, contempla a actuación incluída neste expediente de acordo cos seguintes datos:

Aplicación	Proxecto	concepto	Importe
1710.6190013	14171013	Melloras e renovación e equipamentos pistas polideportivas en Parques Públicos	220.000,00

A empresa VILAR MONTORO INGENIERÍA S L P presenta o proxecto de "MELLORA E RENOVACIÓN E EQUIPAMENTOS DE PISTAS POLIDEPORTIVAS EN PARQUES PÚBLICOS", e proxecto redactado polo ENXEÑEIRO TÉCNICO DE OBRAS PÚBLICAS D. LUÍS VILAR MONTORO e dirixido polo ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA GILBERTO MOLDES CRESPO, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS VINTE MIL EUROS (220.000,00 EUROS)

DESCRIPCIÓN DAS OBRAS:

"MELLORA E RENOVACIÓN E EQUIPAMENTOS DE PISTAS POLIDEPORTIVAS EN PARQUES PÚBLICOS"

No presente proxecto levaranse a cabo diversas actuacións consistentes na formación dun pavimento amortiguador axeitado aos xogos deportivos, o pintado da liñas de xogo necesarias para as diferentes disciplinas así como a instalación de equipamentos deportivos e peche dos recintos.

Estas obras supoñen sen ningunha dúbida un incremento da capacidade, rendemento, eficiencia da funcionalidade inherente as necesidades básicas dos servizos públicos que prestan as zonas deportivas alongando deste xeito a súa vida útil.

O prazo máximo estimado para a execución das obras descritas é de DOUS MESES.

Polo que á vista do anteriormente exposto, e tendo en conta o informe do Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos de data 23 de xullo de 2014, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA:

1.-Aprobar o proxecto redactado pola empresa VILAR MONTORO INGENIERÍA SLP. para a "MELLORA E RENOVACIÓN DE EQUIPAMENTOS DE PISTAS DEPORTIVAS EN PARQUES PÚBLICOS" cun orzamento base de licitación de 220.000,00 EUROS (IVE engadido) e un prazo máximo de execución de dous meses.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(1238).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMENTO ABERTO, DO SERVIZO DE DINAMIZACIÓN INFANTIL DA CONCELLERÍA DE XUVENTUDE. EXPTE. 4156/336.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 8.10.14, o informe de fiscalización do 24.10.14, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de xuventude, do 16.10.14, conformado pola concelleira delegada de Xuventude e pola concelleira delegada de Facenda, que di o seguinte:

Dende a Concellería de Xuventude, con data 6 de marzo do presente ano, xustifícase a necesidade e idoneidade da contratación do desenvolvemento dun programa de dinamización infantil . O 23 de xuño elaborase a memoria xustificativa do contrato e o prego de prescricións técnicas particulares, as cales despois de realizar as correccións recomendadas polo departamento de Contratación, remítense de novo a este o 29 de xullo.

Con data 8 de agosto o servizo de Contratación incorpora ao expediente o prego de cláusulas administrativas.

Con data 8 de agosto Asesoría Xurídica informa que o expediente axústase á legalidade, sen prexuízo do informe de fiscalización da Intervención Xeral.

Con data 27 de agosto Intervención emite informe previo á autorización do gasto no que indica unha serie de apreciacións a ter en conta no conxunto do expediente.

Con data 2 de outubro realízanse as modificacións e incorporacións no expediente de documentos requiridos pola Técnico de Fiscalización.

Con data 15 de outubro, seguindo as indicacións de Intervención de data 14 de outubro, modifícase o apartado III , 2) da memoria xustificativa, suprimindo a compra de materiais para xogos. Modifícanse así mesmo as cantidades correspondentes ás anualidades do contrato contidas nesta, axustándoas á data actual.

Con data 15 de outubro asíñase un novo PCAP modificando únicamente a data de inicio do contrato e axustando a esta o importe das anualidades. Este novo PCAP non se remite a Asesoría Xurídica ao entender que dita modificación non afecta ao contido xurídico do mesmo.

Con data 15 de outubro asíñase un novo PPT, suprimindo da cláusula IV a esixencia de incorporar os materiais na oferta dos licitadores.

O procedemento a empregar na contratación do servizo será o aberto con múltiples criterios de adxudicación e a tramitación ordinaria.

As características máis destacadas do contrato son as seguintes:

- Prezo do contrato: 524.768,00 €*
- Partida presupostaria: 3370.2279900*
- Duración do contrato:catro anos*
- Prórroga do contrato: dous anos*
- Anualidades con IVE incluído.*

ANO	EUROS
2014	10.932,66 €
2015	131.192,00 €
2016	131.192,00 €

2017	131.192,00€
2018	120.259,26 €

Por todo elo , proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Autorizar o gasto de 524.768,00 € para a contratación do desenvolvemento dun programa de dinamización infantil , que se imputará á partida presupostaria 3370.2279900 e a súa bolsa de vinculación, sen que o emprego do crédito da mesma afecte ao normal funcionamento do Servizo, coa seguinte distribución presupostaria:

ANO	EUROS
2014	10.932,66 €
2015	131.192,00 €
2016	131.192,00 €
2017	131.192,00€
2018	120.259,26 €

2º.- Aprobar o expediente de contratación que contén o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do presente servizo polo Concello de Vigo, de data 15 de outubro de 2014 , así como o prego de prescricións técnicas de data 15 de outubro de 2014.

3º.- Acordar a apertura do procedemento de licitación para a selección de contratista na forma prevista na lexislación vixente, mediante a tramitación ordinaria” .

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Mª Jesús Lago Rey.